





O V EMAX, un éxito

Participaron máis de 80 entidades de Galicia e do Norte de Portugal



“Angélica y Roberta”, unha serie para ver só pola web



6.000 xeiras de Voluntariado Xuvenil no seu primeiro ano



O crowdfunding avanza como método para financiar ideas



Éxito do V EMAX, a feira de ideas das asociacións xuvenís de Galicia e do norte de Portugal

5^o EMAX
encontro mostra do asociacionismo xuvenil
de Galicia e o norte de Portugal

- Participaron preto de 80 entidades representadas por máis de 1.200 mozos e mozas

O V Encontro Mostra Asociativa Xuvenil EMAX desenvolveuse cun notable éxito de participación, o que o converte no xermolo seguro de numerosos proxectos e iniciativas para os vindeiros meses. Ese é o principal obxectivo do evento, concebido como un gran foro de intercambio de experiencias. Contou coa participación de preto de oitenta entidades de Galicia e do Norte de Portugal, representadas por máis de 1.200 xóvenes.

A feira dispuxo de expositores de trinta colectivos xuvenís, e tamén mostras da actividade da dirección xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta e do **Instituto Português de Juventude**.

O EMAX, que este ano se celebrou en Vilagarcía de Arousa, incluíu por primeira vez o Foro Emprende, ideado para que os participantes puidesen asesorarse, coa axuda de expertos, en materia de asociacionismo e emprendurismo.

Así, esta iniciativa facilitará novos proxectos no eido humanitario, cultural, de ocio e deporte, profesional ou comunitario. E no ámbito dos emprendedores, expertos laborais e fiscais difundiron entre a xuventude



Mato e Rodeiro, en EMAX

participante exemplos de xestión de novas empresas, mediante charlas nas que participaron dez entidades galegas e cinco portuguesas. Tamén se levaron a cabo obradoiros de habilidades persoais necesarias para defender un proxecto asociati-

vo ou empresarial.

O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, encargouse da clausura do V EMAX, que tamén recibiu a visita da conselleira Beatriz Mato durante unha das súas xornadas. A titular de Traballo e Benestar ve no EMAX "todo un símbolo da colaboración de Galicia e Norte de Portugal en materia de xuventude". Mato considera que as administracións públicas deben seguir apoiando o traballo dos colectivos xuvenís aínda en épocas de crise, a partir da experiencia, as novas ideas e as perspectivas da mo-

cidade galega. Sintetizou o espírito do EMAX como "compartir, aprender e emprender como fórmula para construír a confianza no futuro".

Mato resaltou tamén a importancia que se lle outorgou á iniciativa emprendedora no encontro, ata convertela na protagonista. "Desde o Goberno galego -expuxo a conselleira- apoiamos aos emprendedores, fomentamos a internacionalización e a competitividade dos proxectos dos mozos e mozas, así como a formación contínua e a confianza e o estímulo á mocidade como capital de futuro".

Amplo programa complementario

O EMAX preparou un amplo programa complementario de actividades tanto para darlles a benvinda aos participantes como para ofrecerlles entretemento didáctico durante as xornadas ou para a propia despedida. Entre as propostas, estivo unha mostra e un desfile de coches antigos, un xadrez xigante no que se traballou con conceptos

do emprendemento, unha exhibición de grafiteiros, roteiros con GPS ou de navegación pola ría de Arousa, paintball, multiaventura, cinema sobre emprendemento, xogos de rol, números de maxia ou actuacións musicais do programa Xuventude é Música, como un folián, **Susy Q`s**, **DJ Adrián López** ou **Efecto Pigmalión**.



O Voluntariado Xuvenil impulsa máis de 6.000 xeiras altruístas

- O programa axuda a proxectos de 29 entidades e 21 concellos

O programa de **Voluntariado Xuvenil** da Xunta está mobilizando no seu primeiro ano de funcionamento preto de 150 persoas que van desenvolver en total algo máis de 6.000 xornadas de acción voluntaria.

A iniciativa apoiou con 90.000 euros distintos proxectos presentados por 29 entidades e 21 concellos de toda Galicia. Durante períodos que van desde os quince días ata os dous meses de duración, desenvolven actividades con mozos e mozas de entre dezaioito e trinta anos.

A recuperación da cultura, das manifestacións artísticas ou das tradicións populares galegas, o traballo con colectivos en risco de exclusión social, as iniciativas contra a degradación ambiental, ou propostas relacionadas coa igualdade de xénero son algúns dos contidos apoiados por Voluntariado Xuvenil.

O director xeral de Xuven-



Ovidio Rodeiro, na súa visita á asociación Aspronaga

tude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, visitou nas últimas semanas algúns dos proxectos subvencionados e destacou o carácter “novidoso, pioneiro e experimental a nivel de todo o Estado” do servizo de voluntariado xuvenil, que naceu coa finalidade de formalizar a acción voluntaria.

Neste sentido, cómpre lembrar que as persoas que participan no plan van recibir un

certificado oficial que acreditará a experiencia adquirida a través destas accións de educación non formal. Nun futuro, o Voluntariado Xuvenil conformará unha bolsa de voluntarios da que sairá os participantes de proxectos de concellos e entidades. O programa tamén ofrece apoio económico ao custo diario dos voluntarios, para desprazamento e manutención.

Accións nos cárceres para a inserción social

A promoción do voluntariado como medio para mellorar a inserción social dos internos de cárceres galegos é un dos proxectos que apoia a dirección xeral de Xuventude e Voluntariado.

Na súa visita ás actividades de voluntariado dos internos do centro penitenciario de Perei-

rións de Teixeira, na provincia da Coruña, e da Lama, na de Pontevedra. Como xa participaron en actividades como voluntarios dentro e fóra do propio cárcere, teñen capacidade para dar a coñecer a experiencia e concienciar e sensibilizar sobre a cuestión.

Estas accións están

ro de Aguiar, o director xeral, Ovidio Rodeiro, anunciou que a Xunta porá en marcha un programa de intercambio de experiencias para que os internos de distintos cen-

tros poidan coñecer de primeira man os beneficios que xeran os labores de voluntariado.

Esta iniciativa implica que un grupo de internos do penal ourensá se despracen ata as

enmarcadas nas xornadas “O voluntariado, unha alternativa ao delito”, que foron organizadas pola **Asociación para a Prevención da Exclusión Social (APES)**.





O repouso (formativo) do monitor



- Campamento para monitores xuvenís en Riveira da asociación Arrecó dentro de Iniciativa Xove

A Asociación Cultural, de Ocio e Tempo Libre "**Arrecó**", da localidade coruñesa de Riveira, soubo ver a necesidade de que quen durante o resto do ano se ocupan de lecer doutros tivesen un punto de encontro que lles permitise divertirse, aprender algo máis e coñecer xente.

Por eso, a comezos de outubro celebrou o que xa é o seu segundo Campamento para Monitores, que conciben como "un espazo para a expansión, o goce e a formación entre iguais". Durante toda a xornada, desenvolveron obradoiros de formación continua tan variados como un de técnicas básicas de montaña (rapel, tiroliña, "ponte mono", "ponte tibetano"...) ou de danzas do mundo e cancións de iniciación. Con todo, centráronse nas actividades de aprendizaxe experimental que lles serán útiles no seu traballo. E tamén tiveron tempo para unha gran cea de despedida.

En "Arrecó" están satisfeitos cos resultados do campamento e queren que unha proposta que naceu dunha cea de fin de campaña duns sesenta monitores "quede fixada no calendario de actividades" despois do éxito acadado.



O Outdoor Training, un método novidoso

"Arrecó" optou por una novidosa metodoloxía no deseño do seu campamento: o **Outdoor Training**. Detrás deste anglicismo atópase unha técnica que usa "a natureza como aula e a aprendizaxe experimental como método". Os participantes levan a cabo exercicios ao aire libre nos que se involucran física, intelectual e emocionalmente e que, aínda que

sexa indirectamente, teñen unha relación coa súa actividade laboral. Ese vínculo búscano a través dunha reflexión posterior, na que analizan como intentaron superar os obstáculos co seu comportamento, tanto individual como de grupo. E tratan de buscar conclusións para avanzar ata actitudes máis axeitadas.

Os organizadores comentan

que en aparencia é unha proposta deportiva, un mero xogo, pero en realidade vai máis alá e trátase "eminentemente dun proceso educativo para potenciar as habilidades laborais dos traballadores". Unha ferramenta de educación non formal que, como aseguran, resulta "altamente motivante, práctica e bastante divertida".



A ambición de crear unha rede de monitores

Os resultados do campamento daranse por bos na medida en que se consiga crear e manter unha rede de monitores coa que estes profesionais poidan estar en contacto permanente a través das novas tecnoloxías. Por eso, xa crearon un blog co que comparten os recursos precisos para continuar co traballo.

Mediante un espazo de activi-

dades lúdicas e divertidas para o monitorado e coa formación continua como profesionais do tempo libre, a idea é conseguir unha capacidade aínda maior de enfrontarse aos seus compromisos diarios, reaccionar mellor a situacións imprevistas no traballo, ou resistir mellor o stress propio da súa actividade laboral.

Beneficio amplo no entorno

“Arrecó” considera que a súa proposta apoiada pola Iniciativa Xove estende os seus beneficios moito máis alá dos propios monitores participantes. De feito, ademais das entidades implicadas na organización e desenvolvemento do campamento, aprezan que se da un efecto positivo nas asociacións e nas empresas ás que pertence, beneficiándose da formación continua obtida.

Na mesma liña, observan un “efecto multiplicador” en asociacións e entidades que colaboran con “Arrecó”, en ANPAS que lles encomendan actividades extraescolares aos monitores ou na competitividade do emerxente sector das empresas de aventura e ocio.

Iniciativa Xove contará con 705.000 euros en 2012

O programa **Iniciativa Xove**, co que a dirección xeral de Xuventude e Voluntariado apoia os proxectos de asociacións e grupos informais de xóvenes, contará para o vindeiro ano 2012 cun orzamento de 705.000 euros.

Esta cantidade supón un incremento do 57% con respecto a 2009, momento en que se puxo en marcha o novo modelo de participación que lle dá máis protagonismo á xuventude.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, explica que esta convocatoria ratificará o “compromiso firme coa mocidade galega de cara a 2012” e resaltou a importancia de apoiar o traballo que realizan as asociacións e grupos informais de xuventude.

Mato lembra que o

novo modelo de participación xuvenil “no que a Administración non lle di aos mozos e mozas que programas lles vai ofrecer, senón que lles pide propostas para despois apoialas”. A conselleira engade que Galicia foi a primeira comunidade autónoma que abre este tipo de axudas a grupos informais: “é un modelo, en definitiva, no que por fin



Segue a Arrecó na web

vimeo



twitter





Iniciativa Xove contribúe a difundir a eficiencia enerxética

● Xornadas de Engranaxe na Universidade de Vigo

A asociación xuvenil **Engranaxe**, no marco de **Iniciativa Xove**, organizou a finais de outubro a segunda edición das "Xornadas técnicas sobre eficiencia e enerxías renovables", que contaron coa participación de máis de 400 mozos e mozas en Vigo.

Técnicos de empresas, profesores especialistas en enerxía e alumnos da **Universidade de Vigo** foron os encargados de disertar sobre novos métodos para aproveitar con máis eficiencia os recursos enerxéticos. Centráronse especialmente nas aplicacións no mundo do automóbil e da industria. Pero as conferencias e debates tamén abordaron a utilización de enerxía eólica e fotovoltaica en espazos urbanos, o aproveitamento da biomasa, os retos formativos que supón o vehículo eléctrico para os novos enxeñeiros, ou as posibilidades de emprego xuvenil asociado ás enerxías limpas.



Máis de 400 xóvenes asistiron ás xornadas, inauguradas polo director xeral de Xuventude



O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, participou na inauguración das xornadas, acompañado polo vi-

cerreitor de Transferencia do Coñecemento da Universidade de Vigo, José Antonio Vilán, e a subdirectora da **Escola de Enxeñería Industrial**. Rodeiro animou a participar nas iniciativas xuvenís porque "a organización deste tipo de eventos ten para a mocidade un claro compoñente de educación non formal a través da asunción de responsabilidades e do traballo en grupo".

Xuventude en Acción ante o cambio climático desde Boqueixón

Unha trintena de mozos e mozas portugueses, gregos, búlgaros, húngaros e españois participaron nun encontro en Boqueixón no que analizaron o cambio climático e o papel que a xuventude europea ten ante el. Esta actividade inscíbese en **Xuventude en Acción**, un programa europeo de educación non formal xestionado pola dirección xeral de Xuventude. Durante unha semana, os participantes desenvolveron obradoiros, video fóruns, unha campaña de concienciación ambiental, e visitas a **Meteogalicia** e **Sogama**. O director xeral de Xuventude, Ovidio Rodeiro, explicou que se trata dun proxecto que desenvolve a asociación xuvenil Muiños, creada para potenciar a participación social dos mozos e mozas de Boqueixón. Rodeiro lembrou que en 2010 aprobáronse 56 iniciativas no programa Xuventude en Acción e que Galicia é a cuarta autonomía en número de proxectos aprobados, só superada por Andalucía, Cataluña ou Madrid, calquera das tres co triple ou o cuádruplo de poboación.



Visita dos integrantes do proxecto ás instalacións de Sogama



O Día do Emprendedor dálle protagonismo á innovación

● A xornada contou coa asistencia de máis de 2.000 persoas

Ideas que incorporen a innovación ao ámbito empresarial para acadar a recuperación económica. Esa foi a prioridade do **Día do Emprendedor 2011**, no que uns sesenta empresarios de éxito e especialistas compartiron as súas experiencias coas máis de 2.000 persoas que asistiron.

A xornada, organizada polo **IGAPE** e **BIC Galicia** en colaboración con entidades dedicadas a favorecer a creación de novas empresas, serviu tamén para que a Xunta reiterase o seu compromiso cos novos proxectos innovadores. O conselleiro de Economía e Industria, Javier Guerra, destacou a necesidade de prestixiar a figura do emprendedor galego.

Do mesmo xeito, Guerra propúxose eliminar trabas aos empresarioes emprendedores para que a creación de empresas poida ser "áxil, sen atrancos". Neste sentido,



Intervención de Javier Guerra no Día do Emprendedor

lembrou que os emprendedores poden utilizar a figura xurídica da Sociedade Limitada Nova Empresa, que en 48 horas permite crear unha compañía a través das oficinas territoriais do IGAPE. Un servizo que xa utilizaron máis de 200 novas empresas desde 2009.

O conselleiro expuxo ademais que os emprendedores

teñen apoio formativo a través de Bic Galicia e asesoramento na **Rede Galega de Mentores**, ademais de soporte financeiro en programas como re-Emprende ou re-Imaxina ou en fondos de capital risco cos que conta a Xunta. O obxectivo é asentarse a cultura do emprendemento para dinamizar a economía nos vindeiros anos.

Javier Mouriño, exemplo de iniciativa empresarial

Ver un oco de mercado que ninguén cubriu axeitadamente e tratar de entrar nel do mellor xeito é unha das claves para que unha iniciativa emprendedora teña éxito. Ese está sendo o caso da empresa **Intermax**, creada polo lucense Javier Mouriño con só 17 anos.

A compañía dedícase á implantación de servizos de banda ancha de internet por toda Galicia, con especial preocupación polo rural e as vilas de tamaño medio. Comezou cunha pequena antena hai uns cinco anos e agora xa está presente en case un tercio dos municipios galegos con plans para chegar a todos eles durante 2012, acomete proxectos noutros puntos de España e ten proxectos moi avanzados para expandirse por zonas de África, Asia e Sudamérica.

Mouriño explica que



Javier Mouriño

súa empresa se debe á implicación do equipo -unhas trinta persoas en plantel- e a que souberon darlle unha aplicación moi práctica e orientada ao cliente dunha innovación tecnolóxica. O resultado é un servizo necesario onde non o había e unha notable xeración de emprego.



Angélica e Roberta, aquelas dúas da derradeira ringleira da clase



● Dúas xóvenes actrices galegas impulsan unha serie por internet “sen propósito de enmenda”

Preséntanse como dúas daquelas rapazas que sentaban na derradeira ringleira da clase e que xeralmente pasaban inadvertidas, sen que lles importase en absoluto. Agora acaban de pasar o linde dos trinta anos, seguen sendo amigas e decidiron emanciparse, á súa maneira. Angélica e Roberta viven xuntas nunha casa “con horta e hórreo” e nese hábitat aplican o seu inxenio para enfrontarse á vida, que se gañan como dependentas do Badulaque.

Este é o punto de arranque da serie **Angélica y Roberta**, que acaban de crear, para emitir por internet, as xóvenes actrices galegas **Sonia Méndez** e Sandra Lesta. Non dubidan en definila como unha “comedia moi freak” e avisan, por se alguén agarda atopar outra cousa, de que as personaxes principais son intelixentes, que non hai propósito de enmenda nin romanticismo, que calquera cousa pode suceder, que “a funcionalidade é totalmente subxectiva” (que cadaquén o encaixe como queira), e sobre todo que en cada capítulo pode desencadearse o “sindiós”.

Angélica



Interpretada por Sandra Lesta, é a pasota observadora que lle dá moi pouca ou ningunha importancia a todo e que quere pasar dos demais e que pasen dela.

Roberta



A personaxe de Sonia Méndez é o contrapunto da compañeira, ou viceversa. Roberta ten todo organizado, anticipase aos acontecementos e manexa a retranca como ninguén. E ten dotes de mando.

Os demais

Edu é o único veciño de Angélica e Roberta, un pringado de vida tranquila con dúas tartarugas (Cryprie e Escryprie) como única compañía. Pode dar moito de si.



Suso é o xefe do Badulaque, un que se pasou de voltas nos seus anos mozos e que agora vive de recordos e coa arela de ter carotos.

Dando a nota...

Sonia Méndez, de Vigo, e Sandra Lesta, de Nereira, teñen xa unha dilatada experiencia no mundo da interpretación e das creacións teatrais e audiovisuais. Para esta iniciativa, que producen elas mesmas, contan con colaboracións de renome como **Manuel Manquiña** e o apoio de **Judas Diz** como realizador. Pero quizais o que máis destaque é a banda sonora, con pezas de **Novedades Carminha**, para a cabeceira, e outras como **Sra.Sr.Sra.** ou **Mano de Obra**, que se van sucedendo nos distintos capítulos.



Glamurosa presentación da serie en Santiago

Non perdas ningún capítulo!

vimeo



YouTube



O crowdfunding, o novo xeito de financiar ideas

Ter unha boa idea e deseñar un proxecto novidoso e viable case nunca é doado. Pero dar coa maneira de financialo case sempre é imposible. Así que os creadores teñen dúas opcións para as súas iniciativas: mercar un baúl para ir almacenando todas as súas ideas ou botar man da imaxinación para lograr cubrir o orzamento inicial e saír adiante. Apostando por esta última é como se está abrindo paso o fenómeno do **crowdfunding**, algo así como a financiación colectiva ou a busca de múltiples mecenas na rede.

Como funciona?

Calquera creador que queira publicar un libro, un disco, unha película ou un videoxogo, poñamos por caso, pode dirixirse ás plataformas web que lle dan soporte ao crowdfunding para presentar o seu proxecto e dicir canto necesitarían para acometelo. Se é aceptado, calquera persoa pode facer a súa achega económica para axudar a sacalo adiante. Normalmente fíxase un prazo para obter o 100% da financiación que se require, e se non se reúne toda a cantidade o proxecto caduca e as achegas non se cobran, como se nada tivese pasado.

Que se obtén a cambio de axudar?

Sempre hai unha recompensa, que se coñece de antemán. Tanto pode ser un exemplar do libro ou do disco, como entradas para a representación teatral, ou simplemente figurar nos créditos da obra en cuestión. Incluso hai quen ofrece a posibilidade de darlle nome a personaxes.

O creador pode ter unha boa oportunidade para introducir no mercado a súa obra, de modo que o crowdfunding funciona como unha especie de crédito para emprendedores.

Onde está o negocio?

E as plataformas dedicadas a expoñer os proxectos e canalizar as recadacións adoitan quedarse cunha porcentaxe do ingreso (sobre o 5%), agás no caso de iniciativas sociais benéficas, nas que reducen a comisión ao mínimo, unicamente para cubrir gastos.

Para que lle serve ao creador?

Á parte do obvio, sacar adiante o seu proxecto, tamén lle pode ser útil para *medir* o seu público, saber que hai xente abondo que cre nas súas iniciativas ata o punto de pagar de antemán por elas, ou polo contrario desengañarse e comprobar que a comunidade de fans non abonda para soste tanta arte. Por outra parte, tamén hai quen acode a esta ferramenta para non ter que someterse aos condicionantes de editoriais, discográficas... Os máis teóricos explican que é un xeito de democratizar a creación cultural, sustraéndoa do mercado.



verkami



Os proxectos son moi variados, de modo que hai desde quen non precisa máis que uns centos de euros ata quen pouco menos demanda que o importe dunha hipoteca. Así que o éxito de cadaquen é reunir en prazo a contía necesaria. Pero aínda así xa hai algún caso moi sonado, como a película independente **El Cosmonauta**, que se prantexou reunir 40.000 euros en catro días, conseguiu 70.000 nese prazo e acabou recadando 131.000 nun mes.

Dá resultados?

NON O PERDAS

WILCO. VIGO. 4 DE NOVEMBRO.
PAVILLÓN DAS TRAVESAS.



ALOE BLACC. SANTIAGO.
6 DE NOVEMBRO. SALA CAPITOL.

NON O PERDAS

A CORUÑA

3 de novembro
Supagroup
Mardi Gras

4 de novembro
The Sweet Vandals
Le Club

5 de novembro
Dorian
Playa Club

8 de novembro
Bettye Lavette
Teatro Rosalía de Castro

12 de novembro
The Bright
Mardi Gras

17 de novembro
El Columpio Asesino
Le Club

19 de novembro
The New Raemon
Le Club

25 de novembro
Bush Doctors
Mardi Gras

OURENSE

18 de novembro
Lac La Belle
Café & Pop Torgal

1 de decembro
Rocky Votolato + Pepo Marquez
Café & Pop Torgal

PONTEVEDRA

4 de novembro
Sugar Mountain en concerto
electroacústico
Sala Karma

5 de novembro
The Sweet Vandals
Sala Karma

11 de novembro
Hernando +
Marrones Burócratas
Liceo Mutante

11 de novembro
The Bright
Sala Karma

17 de novembro
The Brew
Sala Karma

18 de novembro
The New Raemon
Sala Karma

19 de novembro
Lysergic Project + Psychotic
Liceo Mutante

19 de novembro
El Columpio Asesino
Sala Karma

VIGO

4 de novembro
Maryland
Iguana Club

5 de novembro
Skacha + Código Neurótico
O Inferno

5 de novembro
Rebeca Jiménez
Iguana Club

11 de novembro
Sandford Music Factory
Iguana Club

12 de novembro
La Musicalite
Iguana Club

17 de novembro
The New Raemon
A Fábrica de Chocolate Club

25 de novembro
Tony Luz
Los Silvertones

2 de decembro
Patricia Moon

9 de decembro
Holywater
Iguana Club

SANTIAGO

2 de novembro
L'Enfance Rouge
Sala CGAC

3 de novembro
Amon Amarth
Sala Capitol

17 de novembro
La Puta Opepé + Darmo +
Erin (Comando Katana)
Sala Capitol

21 de novembro
Ulver
Cidade da Cultura

24 de novembro
Disco Las Palmeras
Sala Moon

24 de novembro
Supersubmarina
Sala Capitol

PONTEAREAS

29 de novembro
Skarallaos
A Regueifa

O BARCO DE VALDEORRAS

11 de novembro
Eladio y los Seres Queridos
Sala Baranda

FERROL

11 de novembro
Help me devil
Súper

CANGAS DO MORRAZO

16 de novembro
The Eviltones
SalaSon

A LARACHA

2 de decembro
Skarallaos
Pub D`Anton



**XUNTA
DE GALICIA**

EDITA:
Xunta de Galicia
Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado
Consellería de Traballo e Benestar
San Caetano, s/n - 15781
Santiago de Compostela

DIRECTOR:
Ovidio Rodeiro Tato
Director xeral de Xuventude e Voluntariado
REDACIÓN E MAQUETACIÓN:
Nós Comunicación
infoxove@noscomunicacion.com

CONTACTA CON INFOXOVE
infoxove@xunta.es
Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado
San Caetano s/n - 15781
Santiago de Compostela
Tel: 981 544 660

